



CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

Anuncio do 11 de outubro de 2021 da Secretaria do Tribunal Cualificador do proceso selectivo convocado para prover 1 praza na categoría de “director/a do OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO TERRAS DE AGUIAR ANO 2021”, do Concello do Pereiro de Aguiar polo que se publican as puntuacións correspondentes á entrevista persoal.

O Tribunal cualificador do proceso selectivo citado, na súa sesión celebrada o día 8 de outubro de 2021, adoptou o seguinte

ACORDO

“Nas instalacións do Auditorio do Centro de Día dos Gozos, na Derrasa – O Pereiro de Aguiar, sendo as 9:05 horas do día 8 de outubro de 2021, procédese á constitución do Tribunal que xulgará os exercicios das probas selectivas para a provisión **dunha (1) praza de persoal director** do Obradoiro Dual de Emprego Terras de Aguiar ano 2021, cuxas bases foron aprobadas pola Xunta de Goberno Local na sesión extraordinaria realizada o día 17 de setembro de 2021, e posteriormente publicadas, no Taboleiro de anuncios e na Páxina Web deste Concello con data do 23 de setembro de 2021, e no taboleiro de anuncios da oficina de emprego de Ourense – A Ponte.

A relación definitiva de admitidos/as e excluídos/as, así como a sinalización do lugar e data para a constitución do Tribunal e a realización da entrevista persoal publicouse na páxina Web e Taboleiro de Anuncios do Concello en data do 8 de outubro de 2021.

Estando presentes os membros do Tribunal que se relacionan, coa ausencia por causa xustificada do vocal designado como titular, e unha vez advertida a existencia de quórum, queda constituído na seguinte forma:

Presidente: José Antonio Cerdeira Pérez, Secretario – Interventor do Concello do Pereiro de Aguiar.

Secretaria: Yajaira Lage Blanco, auxiliar administrativo do Concello do Pereiro de Aguiar.

Vogais: Luisa María López Pérez, arquitecta municipal do Concello do Pereiro de Aguiar.

Marina Sara González Soto, asesora xurídica en Asuntos de Urbanismo e Demais Servizos Municipais do Concello do Pereiro de Aguiar.

A entrevista persoal ten como finalidade determinar as aptitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria, tanto as de carácter xeral como as relativas á súa adecuación ás singularidades do proxecto formativo de que se trate.

A entrevista non será eliminatoria e corresponderalle unha puntuación de 4 puntos.

Non se producen intervencións e por unanimidade o Tribunal acorda proceder do xeito que propuxo a Presidencia.

Primeiro.- Comprobado que as persoas candidatas cumpren cos requisitos de acceso ao proceso de selección, ás 9:15 procédese ao chamamento e á realización da entrevista persoal das candidatas que a continuación se sinalan:

Nº DE ORDE	APELIDOS E NOME	DNI
1	FERNANDEZ FIUZA REBECA	5057

Concello do Pereiro de Aguiar

Plza. do Concello, 1, O Pereiro de Aguiar. 32710 (Ourense). Tfno. 988259385. Fax: 988259395





CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

2	GÓMEZ QUINTELA EVA MARÍA	1553
3	PLAZA MARTINEZ TANIA	3217
4	PRIETO QUIROGA AMALIA	6289
5	VALVERDE MORENO MARIA JOSE	1348

Segundo.- Non se presentan as seguintes candidatas:

- D^a. Eva María Gómez Quintela, co DNI 1553
- D^a. Amalia Prieto Quiroga, co DNI 6289

Terceiro.- Realizada a entrevista persoal, resulta o seguinte:

APELIDOS E E NOME	DNI	ENTREVISTA PERSOAL (máx. 4 puntos)
Fernández Fiuza Rebeca	5057	4
Plaza Martínez Tania	3217	4
Valverde Moreno María José	1348	3

Cuarto.- O Tribunal cualificador acorda que esta acta se faga pública mediante anuncio na páxina web do Concello e no Taboleiro de anuncios.

Quinto.- O Tribunal cualificador acorda reunirse de novo o próximo día 11.10.2021 ás 11:00 horas, no Salón de Plenos da Casa do Concello do Pereiro de Aguiar, para a puntuación da valoración dos méritos e puntuación final da praza de persoal director do Obradoiro Dual de Emprego Terras de Aguiar ano 2021, xunto coa relación das aspirantes por orde de prelación para a súa contratación e a proposta de contratación da aspirante que obtivese maior puntuación

E para que así conste e produza os efectos legais oportunos, levántase Acta ás 9:45 horas, no lugar e data anteriormente expresados, unha vez firmada por tódolos membros do Tribunal Cualificador, de cuxo acto esta secretaria certifico."

O que se fai público para xeral coñecemento.

O Pereiro de Aguiar, a 11 de outubro de 2021. A secretaria do tribunal cualificador, Yajaira Lage Blanco.

